

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TEO**

*ANUNCIO da convocatoria e bases que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha praza de técnico/a de Xestión Económica e Tesouraría, funcionario/a de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición.*

A Resolución da Alcaldía do Concello de Teo número 588/2021, do 11.6.2021, aprobou a convocatoria e bases que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de técnico/a de Xestión Económica e Tesouraría, funcionario/a de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición.

A Resolución da Alcaldía número 792/2021, do 7.7.2021, aprobou a corrección de erros das ditas bases, concretamente a base novena, letras A) e B), e o anexo II.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 136, do 21 de xullo de 2021, publicáronse integramente as bases da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuaranse no taboleiro de anuncios da Corporación, na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello de Teo: [www.teo.gal](http://www.teo.gal)

Teo, 21 de xullo de 2021

Rafael C. Sisto Edreira  
Alcalde

